

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de febreiro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 3, 10, 17, 24 e 31 de xaneiro de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. VICESECRETARÍA.- Acórdase o nomeamento de director xeral de Urbanismo.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento de 2 funcionarios de carreira coa categoría de policía local.

Tamén se acorda declarar deserta a cobertura temporal en comisión de servizos da xefatura do Servizo de Contratación e Patrimonio no Excmo. Concello de Lugo.

Do mesmo xeito, acórdase a adquisición do compromiso de incorporación dunha praza de oficial vixilante recadador/a na próxima oferta de emprego público para o ano 2024.

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac7626775047875359553.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-2-2024

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a aprobación da regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a legalización de alpendres de vacún e silo forraxeiro e ampliación de corte e foxa de xurro en Galegos, número 3, Santiago de Saa.

Tamén se acorda a aprobación da regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para construción de alpendre para a garda de apeiros de labranza no lugar de Leira do Toxo, parroquia de Santa María Alta.

Acórdase a aprobación da regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a demolición total de dúas edificacións en Ronda da Muralla, números 37 e 38.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.